

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN DE 33 SOCORRISTAS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL

BASES XERAIS

1.- Obxecto da convocatoria.

*O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de 33 socorristas dentro da campaña **SALVAMENTO NAS PRAIAS 2013**, de acordo coa normativa seguinte e concordante:*

- *Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (EBEP).*
- *Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.*
- *Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99.*
- *Rd legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.*
- *Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.*
- *Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.*
- *Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.*
- *Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.*
- *Orde da consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 14 de maio de 2012, polo que se regula o modelo distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Para o non disposto nesta convocatoria serán de aplicación as bases xerais para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios de carreira e persoal laboral deste Concello para o ano 2010, publicadas no Boletín oficial da provincia (BOP) da Coruña número 72, do 20/04/2010, e a súa modificación no BOP nº 113, do 17/06/2010, en todo o que non contradigan á lexislación sectorial de aplicación.

2.- Modalidade de contratación e duración do contrato.

A contratación será de carácter laboral temporal coas retribucións que figuran no orzamento municipal conxuntamente os acordos da Corporación para o efecto.

A campaña SALVAMENTO NAS PRAIAS 2013 estenderase do 15 de xuño ata o 15 de setembro. A duración concreta dos contratos de traballo que se formalicen co persoal seleccionado virá determinada polas necesidades do servizo.

3.- Sistema de selección.

Concurso-oposición, quenda libre.

4.- Taxas por dereitos de exame.

As taxas por dereitos de exame fíxanse nun importe de doce euros e trinta e tres céntimos de euro (12,33 €), de acordo coa ordenanza fiscal reguladora en vigor.

5.- Requisitos das persoas aspirantes.

1. Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da UE ou daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do EBEP.
2. Ter cumpridos dezaseis anos de idade.
3. Os/as aspirantes precisan estar en posesión dos títulos de **graduado escolar e socorrista acuático** – de acordo coas especificacións contidas no Decreto 104/2012, do 16 de marzo- ou equivalentes, ou en condicións de obtelos á data de remate do prazo de admisión de instancias.
4. Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente referida ao día da súa contratación, no caso de ser seleccionado/a.
5. Non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das correspondentes funcións; acreditarase mediante certificado médico oficial expedido en papel timbrado no que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas suficientes para realizar os exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da fase de oposición, ademais de que non padece esta, enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto. **Este certificado médico de idoneidade para realizar as probas físicas debe presentarse inescusablemente no momento temporal inmediatamente anterior á súa realización, o día do exame, sendo excluído/a o/a aspirante en caso contrario. Deberá estar expedido en papel timbrado e, como máximo, ter unha antigüidade de tres meses en relación á data fixada para o desenvolvemento da proba.**
6. Non estar separado/a a través de expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas por resolución ou sentenza firmes.
7. As persoas aspirantes deben acreditar –mediante orixinal ou copia compulsada e **DENTRO DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**- estar en posesión do distintivo acreditativo de que o seu titular conta coa habilitación profesional para desenvolver as funcións propias dun socorrista. Este expedirase pola Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (regulado por Orde da consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de data 14/05/2012) ou, en caso de estar á espera da súa expedición, orixinal ou copia compulsada da súa inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, sección: socorristas en espazos acuáticos naturais, de acordo co estipulado no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e se regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (DOG núm. 67, do 9 de abril) estando dentro do prazo máximo prefixado para a expedición do distintivo. Aqueles/as opositores/as que non acrediten o cumprimento deste requisito dentro do prazo conferido serán excluídos/as do procedemento selectivo.

6.- Solicitudes.

As solicitudes para participar nas distintas probas selectivas presentaranse mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Oleiros no modelo oficial que se facilitará na dita entidade para o efecto.

Presentaranse no rexistro xeral do Concello de Oleiros, durante o prazo de **dez días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa. As instancias tamén poderán remitirse en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante, LRXAP e PAC).

Á instancia achegaranse inescusablemente:

a) O resgardo normalizado acreditativo do pagamento das taxas por dereitos de exame nas entidades colaboradoras (Novagalicia Banco; la Caixa; Banco Pastor; BBVA; Banesto) ou xiro postal/telegráfico remitido ao seguinte enderezo:

Xestión Tributaria Recadadora
Avda. Ernesto Che Guevara nº 12, baixo
15172 - Perillo
Oleiros - A Coruña

- b) *A fotocopia compulsada do DNI ou a documentación acreditativa equivalente.*
- c) *Os orixinais ou as fotocopias compulsadas dos títulos académicos esixidos na base 5.3 das xerais para participar neste proceso selectivo.*
- d) *O orixinal ou a fotocopia compulsada do certificado de coñecemento da lingua galega, achegado, no seu caso, para a exención da realización da terceira proba da fase de oposición, segundo o establecido nas bases específicas.*
- e) *Orixinal ou fotocopia compulsada da documentación que acredite o cumprimento do requisito establecido na base 5.7 das xerais..*
- f) *Unha relación circunstanciada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes (orixinais ou fotocopias compulsadas), xa que non se tomarán en consideración nin se avaliarán aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento da presentación da instancia e dentro do prazo conferido para o efecto.*

7.- Admisión de aspirantes.

*Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ou o órgano delegado ditará a resolución pola que aprobará a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as que se fará pública no taboleiro de anuncios do Concello e, aínda que sen carácter preceptivo, na páxina web municipal www.oleiros.org, conferíndose un prazo de **cinco días naturais** para os efectos de reclamacións nos termos do art. 71 da Lei 30/92, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante, LRXAP e PAC).*

As reclamacións, se as houbese, serán resoltas na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución, figurará a composición do tribunal, o lugar, a data e a hora na que se realizará a fase de concurso.

No caso de que por circunstancias excepcionais houbese que modificar o lugar, a data ou a hora das previstas inicialmente para a realización da fase de concurso, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e, aínda que sen carácter preceptivo, na páxina web municipal: www.oleiros.org.

8.- Tribunais cualificadores.

O órgano de selección designarase de conformidade ao estipulado no art. 60 do EBEP.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 28 da LRXAP e PAC ou se realizaran tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, alomenos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

O órgano de selección resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

O órgano de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de distintas persoas para realizar labores de asesoramento nas probas que estime pertinentes, limitándose estas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os/as vogais deberán posuír a titulación ou a especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas, Rd 896/91, do 7 de xuño, art. 4 e).

O tribunal cualificador estará constituído por:

- Presidente/a.- O persoal funcionario ou laboral da Corporación que se nomee.
Secretario/a.- O persoal funcionario ou laboral da Corporación que se nomee.
Vogais.- Tres vogais designados/as pola Alcaldía ou polo órgano delegado.*

9.- Desenvolvemento das probas.

As persoas aspirantes serán convocadas nun único chamamento por orde alfabética e serán excluídas do proceso selectivo aquelas que non comparezan agás os casos debidamente xustificados e libremente apreciados polo tribunal.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización das probas efectuarase polo tribunal nos locais onde se realizase a avaliación de méritos ou no taboleiro de edictos do Concello e, aínda que sen carácter preceptivo, na páxina web municipal.

10.- Probas selectivas e sistema de puntuación.

Os sistemas de cualificación do concurso e dos diferentes exercicios da fase de oposición relaciónanse nas bases específicas desta convocatoria, así como o número e tipo de probas selectivas.

O tribunal declarará aprobadas a aquelas persoas aspirantes que obtivesen maior puntuación no cómputo global do proceso, non podendo superar en ningún caso o número de aprobados ao de postos convocados.

O tribunal poderá acordar a lectura pública daquelas probas que se desenvolvan por escrito.

11.- Presentación de documentación e contratación.

Unha vez concluídas as probas, o tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación, sen poder superar este o número de postos convocados e remitirá a dita relación, xunto coa acta da última sesión, á Alcaldía ou ao órgano delegado, quen efectuará a contratación.

No prazo de cinco días naturais que contarán desde o seguinte a aquel no que se fixeron públicas as listaxes, as persoas aspirantes aprobadas deberán presentar na Área de Persoal e RRHH do Concello a seguinte documentación:

- a) O título ou un testemuño notarial dos niveis de estudos esixidos para tomar parte nas probas selectivas para a cobertura das correspondentes prazas.*
- b) A declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por resolución ou sentenza xudicial firmes.*
- c) A declaración xurada de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa contratación.*
- d) Certificación médica - que se realizará a conta do Concello- acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que imposibilite o normal exercicio da función.*
- e) A cartilla da Seguridade Social no caso de ter sido dado/a de alta con anterioridade.*

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar a documentación requirida, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en Dereito.

Quen, dentro do prazo indicado e salvo casos de forza maior, non presentase a documentación, non poderá ser contratado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incurrir por falsidade na súa instancia.

Cumpridos os requisitos referidos, o alcalde ou o órgano delegado realizará a contratación dos/das aspirantes propostos/as.

As persoas aspirantes coas que se formalice a contratación estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e na forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou tarde, ou fraccionando a xornada se fose preciso. Quedarán sometidos a un período de proba co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos traballadores. Se durante o período de vixencia da contratación se producira a denegación da inscrición –por estar en trámite no momento temporal da contratación- no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, sección: socorristas en espazos acuáticos naturais, será esta causa xusta de rescisión contractual por parte do Concello de Oleiros debido ao incumprimento dos requisitos de profesionalidade esixidos polo decreto 104/2012, do 16 de marzo, para o desempeño das labores inherentes ao posto de traballo obxecto de contratación.

12.- Listaxe de reserva.

Para a cobertura de postos ou realizar contratos laborais de carácter temporal poderá acudir ao proceso selectivo finalizado ao abeiro desta convocatoria ou doutras anteriores, onde houberse persoas aspirantes que aprobasen algún dos exercicios, aínda que non obtivesen posto, debendo optarse por aquelas que superasen o maior número de probas e que acumulasen mellor puntuación.

Cando unha das persoas incluídas na listaxe fose chamada para ocupar un posto, recuperará o seu lugar inicial, ao rematar o período de contratación, de xeito que poderá ser chamada novamente para outra contratación, agás que renuncie expresamente á súa incorporación.

13.- Norma final.

Contra a resolución que aproba estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña no prazo de dous meses que contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio da convocatoria (artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), ou ben, previamente e con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o órgano autor da disposición impugnada, no prazo dun mes (artigo 116 da LRXAP-PAC), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

BASES ESPECÍFICAS

FASE DE CONCURSO

Non terá carácter eliminatorio e para a avaliación xuntarase coa solicitude a relación circunstanciada dos méritos que se aleguen pola orde que se establece de seguido, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes (orixinais ou fotocopias compulsadas), pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

Avaliaranse:

Experiencia profesional (ata un máximo de 2 puntos):

- *Por cada mes de servizo en praias en posto de socorrista: **0,2 puntos**.*

Outros méritos (ata un máximo de 4 puntos):

*Formación acreditada no manexo de desfibriladores: **1 punto**.*

*Estar en posesión de titulación que habilite para o manexo de embarcacións: **2 puntos**.*

*Ser voluntario dunha agrupación de voluntarios de protección civil cunha antigüidade mínima de 3 anos e ter rexistrada actividade no último ano: **1 punto**.*

Os méritos alegados polas persoas aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito e dentro do prazo de presentación de instancias:

- *Os servizos prestados na Administración pública, mediante certificación expedida pola autoridade ou persoal funcionario competente, que reflecta os labores realizados.
(Para a acreditación dos servizos prestados no Concello de Oleiros en posto de similares características bastará con que a persoa aspirante solicite -inescusablemente e en escrito anexo á instancia para participar no procedemento selectivo- que interesa se teñan en conta na avaliación de méritos da fase de concurso os servizos prestados no Concello de Oleiros coa categoría profesional de socorrista, socorrista-xefe de equipo ou socorrista supervisor, segundo o caso, incorporando a propia Administración a certificación acreditativa ao expediente de selección).*
- *Os servizos prestados en empresas privadas, mediante a presentación inescusable do modelo oficial de certificado de empresa ou certificado de vida laboral aos que se deberán acompañar, inescusablemente, os contratos de traballo.*
- *Non se computarán os servizos inferiores ao mes, entendéndose estes de trinta días. Deduciranse proporcionalmente aqueles servizos prestados a tempo parcial.*

Só se valorarán os méritos que o tribunal considere suficientemente acreditados que, en todo caso, deberán ser xustificados mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas dentro do prazo de presentación de instancias.

Fase de concurso: máximo 6 puntos.

FASE DE OPOSICIÓN

*Consistirá na realización de catro probas. A primeira proba, obrigatoria e eliminatoria, cualificarase de **0 a 10 puntos**, sendo excluídos/as os/as aspirantes que non acaden un mínimo de **6 puntos**. A segunda proba, obrigatoria e eliminatoria, consistirá en superar un exercicio combinado de natación, mergullo e remolque en piscina e unha proba de mar, cualificadas cada unha de **0 a 10 puntos**, sendo eliminados/as aqueles/as aspirantes que superen o tempo máximo previsto en cada caso. A terceira proba, tamén de carácter*

obligatorio e eliminatorio, será cualificada exclusivamente como “**Apto/a**” ou “**Non apto/a**”. A cuarta proba (entrevista profesional), obligatoria e non eliminatoria, cualificarase de **0 a 5 puntos**.

Primeira proba (proba de coñecementos):

De carácter obligatorio e eliminatorio, consistirá en responder a un cuestionario composto por 25 preguntas tipo test, que versarán sobre primeiros auxilios e salvamento e socorrismo acuático de acordo co temario contido no Anexo I destas bases.

O exercicio será cualificado de **0 a 10 puntos**. Para superar esta proba será necesario obter unha puntuación mínima de **6 puntos**.

As respostas incorrectas restarán **0,2 puntos** cada unha.

Segunda proba (probas físicas):

Con carácter previo á realización desta proba, **no preciso momento do chamamento público**, e con carácter obligatorio e eliminatorio, as persoas aspirantes deberán presentar o **certificado médico oficial expedido en papel timbrado** esixido na base quinta das xerais.

A proba terá carácter obligatorio e eliminatorio, consistente na superación dos seguintes exercicios de natación:

A. PROBA DE PISCINA – 100 metros. Rescate de manequín (máximo 10 PUNTOS)

A posición de partida sera de pé, no borde do vaso da piscina. Despois do sinal, entrarase na auga, realizaranse 50 metros de nado libre, recollerase o manequín do fondo da piscina e remolcarase 50 metros sen que a auga pase por enriba das súas vías respiratorias.

Para os homes outorgaranse as seguintes puntuacións segundo a relación de tempos que se expresa:

TEMPOS	AVALIACIÓN
Superior a 2' 30''	Non apto
Entre 2' 30'' e 2'10''	0 puntos (apto)
Entre 2'09'' e 2'05''	1 punto
Entre 2'04'' e 2'00''	2 puntos
Entre 1'59'' e 1'55''	3 puntos
Entre 1'54'' e 1'50''	4 puntos
Entre 1'49'' e 1'45''	5 puntos
Entre 1'44'' e 1'40''	6 puntos
Entre 1'39'' e 1'35''	7 puntos
Entre 1'34 e 1'30''	8 puntos
Entre 1'29'' e 1'25''	9 puntos
Inferior ou igual a 1'24''	10 puntos

Para as mulleres outorgaranse as seguintes puntuacións segundo a relación de tempos que se expresa:

TEMPOS	AVALIACIÓN
Superior a 2'40''	Non apta
Entre 2'40'' e 2'15''	0 puntos (apta)
Entre 2'14'' e 2'10''	1 punto
Entre 2'09'' e 2'05''	2 puntos
Entre 2'04'' e 2'00''	3 puntos
Entre 1'59'' e 1'55''	4 puntos
Entre 1'54'' e 1'50''	5 puntos
Entre 1'49'' e 1'45''	6 puntos
Entre 1'44'' e 1'40''	7 puntos
Entre 1'39 e 1'35''	8 puntos
Entre 1'34'' e 1'30''	9 puntos
Inferior ou igual a 1'29''	10 puntos

PROBA DE MAR (10 PUNTOS)

A posición de partida será de pé, fóra da auga, co material de rescate determinado (tubo de rescate) xa colocado e as aletas na man.

Tras o sinal, realizaranse 50 metros en desprazamento terrestre co material.

Entrarase na auga de xeito correcto e colocaranse as aletas.

Realizaranse 50 metros en nado libre ata a posición marcada cunha boia. Unha vez alcanzada a boia deberase abrochar o tubo de rescate e regresar a nado ata o areal utilizando unha técnica de traslado co material de rescate (tubo de rescate), con acción de brazo libre e agarrando o tubo de rescate cunha man durante outros 50 metros.

Finalizada a fase acuática, quitaranse as aletas e continuarase a carreira a pé ata a meta coas aletas na man e sen quitarse o tubo de rescate.

Outorgaranse as seguintes puntuacións de acordo cos tempos expresados:

TEMPOS HOMES	TEMPOS MULLERES	AVALIACIÓN
Superior a 2'45''	Superior a 2'55''	Non apto/a
Entre 2'45'' e 2'20''	Entre 2'55'' e 2'30''	0 puntos (Apto/a)
Entre 2'19'' e 2'15''	Entre 2'29'' e 2'25''	1 punto
Entre 2'14'' e 2'10''	Entre 2'24'' e 2'20''	2 puntos
Entre 2'09'' e 2'05''	Entre 2'19'' e 2'15''	3 puntos
Entre 2'04'' e 2'	Entre 2'14'' e 2'10''	4 puntos
Entre 1'59'' e 1'55''	Entre 2'09'' e 2'05''	5 puntos

<i>Entre 1'54'' e 1'50''</i>	<i>Entre 2'04'' e 2'</i>	<i>6 puntos</i>
<i>Entre 1'49'' e 1'45''</i>	<i>Entre 1'59'' e 1'55''</i>	<i>7 puntos</i>
<i>Entre 1'44'' e 1'40''</i>	<i>Entre 1'54'' e 1'50''</i>	<i>8 puntos</i>
<i>Entre 1'39'' e 1'35''</i>	<i>Entre 1'49'' e 1'45''</i>	<i>9 puntos</i>
<i>Inferior ou igual a 1'34''</i>	<i>Inferior ou igual a 1'44''</i>	<i>10 puntos</i>

Terceira proba:

*De carácter obrigatorio e eliminatorio agás para aqueles/as aspirantes que **presenten o certificado, orixinal ou a fotocopia compulsada -no prazo de presentación de instancias e referido á data do seu remate-** de ter superados os estudos conducentes á obtención do certificado de lingua galega –CELGA 3- correspondente co nivel de estudos acreditados para a participación no procedemento selectivo, expedido por organismo oficial para o efecto, ou o título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin. A proba consistirá na tradución dun texto facilitado polo Tribunal do castelán ao galego nun tempo máximo de trinta minutos, coa cualificación final de **Apto/a** ou **Non apto/a**.*

Cuarta proba:

*De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistente en realizar unha entrevista profesional que versará sobre as tarefas a desenvolver no posto de traballo e a súa relación coa experiencia laboral para tal fin. Esta proba cualificarase de **0 a 5 puntos**.*

ANEXO I-TEMARIO

Tema 1.- O socorrismo acuático: concepto, obxectivos, límites e datos de interese. O socorrista acuático profesional e a súa formación.

Tema 2.- Prevención de accidentes acuáticos e afogamentos. A vixilancia.

Tema 3.- Secuencia de actuación ante rescates acuáticos. Técnicas. O mergullo.

Tema 4.- Técnicas de control, zafaduras, traslado e extracción de accidentados no medio acuático.

Tema 5.- Intervención prehospitalaria ante posibles lesionados medulares no medio acuático

Tema 6.- Os espazos acuáticos: características e diferenzas de interese no socorrismo acuático. A “bandeira azul” e a súa repercusión nos servizos de socorrismo.

Tema 7.- A comunicación aplicada a situacións de prevención de riscos. Prevención de accidentes e riscos laborais no socorrismo acuático

Tema 8.- RCP básica e obstrución das vías aéreas por corpo estrano.

Tema 9.- O paciente traumático. Traumatismos en extremidades e partes blandas. Trastornos circulatorios.

Tema 10.- Lesións producidas por calor ou frío. As picaduras. Intoxicacións e cadros convulsivos.

Tema 11.- O botiquín de primeiros auxilios e a enfermería.

Tema 12.- Lexislación relacionada co socorrismo acuático. Ordenanza municipal que regula o uso das praias no Concello de Oleiros (BOP da Coruña núm.130, 9/6/2009)